

RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2019, para convocar unha proba para a ampliación da listaxe de espera para a cobertura temporal de prazas de técnico especialista en informática (grupo C1) da Universidade da Coruña

En uso das atribucións recollidas no artigo 40 dos Estatutos da UDC, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio, modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, e conforme co establecido no artigo 3 da Resolución reitoral de 12/1/2016, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da UDC e as competencias dos seus órganos directivos, resolvo convocar proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a ampliación da listaxe de agarda, para cubrir, mediante nomeamento de funcionario interino, prazas de técnico informático, grupo C1 de persoal funcionario da escala técnica de especialistas da Universidade da Coruña, mentres non se procede a súa cobertura con carácter definitivo.

BASES DA CONVOCATORIA

1- Normas Xerais

Convócase proceso selectivo para a ampliación da listaxe de espera, para a cobertura temporal de prazas de técnico informático, grupo C1 de persoal funcionario da escala técnica de especialista da Universidade da Coruña.

Requisitos dos aspirantes

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir e manter os seguintes requisitos:

- 1) Ser español/a ou membro dun Estado da Unión Europea
- 2) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder dos 65.
- 3) Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das correspondentes funcións.
- 4) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas por sentenza firme. As persoas aspirantes de nacionalidade non española deberán acreditar non estaren sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- 5) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- 6) Estar en posesión da titulación esixida para o subgrupo C1 na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, ou en condicións de a obter na data en que remate o prazo de presentación das solicitudes. No caso de que a persoa aspirante posúa unha titulación académica estranxeira para poder participar no proceso selectivo, deberá ter homologado previamente o título, de acordo co previsto na lexislación española.

Todos os requisitos esixidos deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos no momento da toma de posesión.

2- Sistema selectivo

O procedemento de selección dos aspirantes será o de concurso-oposición conforme se detalla no anexo I desta convocatoria. Para figurar na listaxe de agarda habrá que aprobar todos os exercicios da fase da oposición.

O programa que rexe estas probas selectivas figura no anexo II da presente convocatoria.

3- Solicitudes

As persoas interesadas deberán presentar no rexistro xeral da Universidade da Coruña (edificio da Reitoría, rúa da Maestranza, nº9, CP 15001), nos rexistros auxiliares (Campus da Zapateira da Coruña e Edificio de Usos Administrativos no Campus de Esteiro, Ferrol), no rexistro electrónico da Sede electrónica da Universidade da Coruña (<https://sede.udc.gal>) ou nas restantes formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro) a seguinte documentación:

- Solicitud, no modelo que se facilita no Anexo III.
- Copia do DNI ou documento acreditativo de identidade.
- Currículo, onde constarán as titulacións, os cursos, os traballos realizados e, en xeral, calquera circunstancia que poida ser considerada como mérito.

Os méritos e a experiencia no traballo que non se acrediten documentalmente non se terán en conta.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles, que comezarán a contar a partir do seguinte ao da publicación desta resolución.

4- Admisión de aspirantes

Despois de que remate o prazo de presentación de solicitudes, o xerente da Universidade ditará unha resolución para declarar aprobadas as listaxes de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que serán publicadas na web <http://www.udc.es> e no taboleiro da Sede Electrónica <https://sede.udc.gal>.

5- Listaxe definitiva

Os aspirantes excluídos expresamente, así como os que non figuren na relación de admitidos nin na de excluídos, disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación da dita Resolución, para poder subsanar o defecto que motivará a súa exclusión, ou a súa non inclusión expresa. Os

aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non subsanen a exclusión ou omisión, xustificando o seu dereito a estar incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

En todo caso, ao obxecto de evitar erros e, no suposto de producirse, posibilitar a súa subsanación en tempo e forma, os aspirantes deberán comprobar fehacientemente, non só que non figuran na relación de excluídos, senón, ademais, que os seus nomes constan na relación de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións o xerente ditará resolución para declarar aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as que se publicará na Sede Electrónica <https://sede.udc.gal>.

6- Calendario de probas

O lugar e a data de realización do primeiro exercicio publicaranse na Resolución que aprobe a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

7- Tribunal de selección

O Tribunal de Selección estará formado polos/as seguintes membros:

Presidenta:

Rosa María Reinoso Justo, funcionaria da Universidade da Coruña.

Vogais:

Javier Fariñas Alvariño, funcionario da Universidade da Coruña.

Javier López Domínguez, funcionario da Universidade da Coruña.

Pedro Manuel Monteserín Macías, funcionario da Universidade da Coruña

Carlos Alberto Díaz Pérez, funcionario da Universidade da Coruña

Secretario:

Luis Vázquez López, funcionario da Universidade da Coruña, que actuará con voz e sen voto.

SUPLENTES

Presidenta:

María José Gómez Rega, funcionaria da Universidade da Coruña.

Vogais:

Fernando Torrado Rivas, funcionario da Universidade da Coruña.

Javier Trinidad Díaz, funcionario da Universidade da Coruña.

Alejandra Rodríguez Fernández, funcionaria da Universidade da Coruña

José Antonio Bouzas Gómez, funcionario da Universidade da Coruña

Secretario:

Diego Germiñas Boga, funcionario da Universidade da Coruña, que actuará con voz e sen voto.

Para os efectos de comunicación e demais incidencias o tribunal terá a súa sede na Reitoría da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza, nº 9, CP 15001).

Terá a categoría terceira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio).

8- Publicación da proposta da listaxe de espera e reclamacións

A proposta provisoria de puntuacións de cada exercicio formulada polo tribunal de selección será publicada na web <http://www.udc.es> e no taboleiro da Sede Electrónica <https://sede.udc.gal>.

Contra esta proposta, os/as aspirantes poderán presentar reclamación perante o tribunal no prazo de 5 días hábiles, que contan desde o día seguinte á súa publicación.

Tras rematar o prazo que se sinala sen se presentar reclamacións, o tribunal remitirá ao xerente a relación definitiva dos/as aspirantes que conforman a listaxe de agarda pola orde de puntuación e publicarase nos medios indicados no parágrafo anterior.

9- Disposición derradeira

Contra a presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se derivaren dela poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, XX de maio de 2019
O xerente

Ramón del Valle López

ANEXO I

Sistema de selección

O sistema de selección constará de dúas fases:

I Primeira fase. Oposición

Primeiro exercicio de carácter eliminatorio: proba escrita de lingua galega, para aqueles/as aspirantes que non acrediten posuír, na data de finalización de prazo de presentación de instancias, o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014, e que consistirá na realización dunha proba en que se comprobará que posúen o nivel de Celga 4 de comprensión oral e escrita da lingua galega, en especial da linguaxe administrativa, dado que é a súa área profesional. Cualificarase de apto ou non apto.

Segundo exercicio: consistirá nunha proba tipo test de 60 preguntas máis 5 reserva, con 4 respostas alternativas, das que só unha será a correcta, sobre os temas descritos no Anexo II. As respostas erróneas non descontarán. O tempo para a realización deste exercicio será de 75 minutos. A puntuación será de 0 a 40 puntos e será necesario para aprobar obter un mínimo de 20 puntos.

Terceiro exercicio: consistirá nunha proba práctica sobre o temario descrito no Anexo II. A duración máxima deste exercicio será de 2 horas. A puntuación será de 0 a 20 puntos e será necesario para aprobar obter un mínimo de 10 puntos.

II Segunda fase. Valoración e méritos.

Consistirá na valoración dos méritos acreditados no currículo dos aspirantes relacionados co contido da praza. Esta fase será cualificada de 0 a 25 puntos segundo se especifica a continuación:

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

Experiencia profesional debidamente acreditada relacionada co contido da praza (máximo 15 puntos).

En categoría ou categorías relacionadas co contido da praza na Universidade da Coruña: 0.5 puntos por mes traballado.

En categoría ou categorías relacionadas co contido da praza noutras administracións públicas: 0.25 puntos por mes traballado.

En categoría ou categorías relacionadas co contido da praza na empresa privada: 0.15 puntos por mes traballado.



No suposto de que se simultanearan dous ou máis contratos nas mesmas data, valorarase unicamente aquel do que se derive a puntuación mais favorable para o traballador.

Os contratos a tempo parcial computaranse como de xornada completa sempre que a súa xornada sexa igual ou superior ao 50% daquela. No caso de que sexa inferior, computarase de forma proporcional ao tempo traballado.

Aos efectos do disposto neste apartado, a experiencia acreditarase mediante certificado orixinal xustificativo da experiencia manifestada, que en todo caso deberá ser asinada polo responsable de Recursos Humanos.

CURSOS

Cursos impartidos ou recibidos de formación e perfeccionamento, dispensados por centros ou organismos oficiais e que estean directamente relacionados coa praza (máximo 10 puntos).

- ✓ Cursos de aptitude: 0.02 puntos/hora de duración do curso
- ✓ Cursos de asistencia: 0.01 puntos/hora de duración do curso
- ✓ Cursos de formación impartidos: 0.02 puntos/hora de duración do curso.

Cursos de lingua galega:

- ✓ Curso de linguaxe administrativa: 0.75 puntos
- ✓ Curso de linguaxe administrativa superior: 1 punto

No caso de posuír mais dun curso de lingua galega só puntuará o de nivel superior.

Os coñecementos de idiomas acreditaranse documentalmente con certificados emitidos por centros nacionais ou estranxeiros de recoñecido prestixio. Para o mesmo idioma puntuarase o certificado de nivel superior.

Os cursos de formación e perfeccionamento acreditaranse mediante a presentación de fotocopias simples da certificación, título ou diploma correspondente. Sen prexuízo do dereito da Universidade a requirir a presentación do documento orixinal para o seu cotexo ou comprobación posterior.

Valoración final. A valoración final do proceso selectivo virá dada pola suma das cualificacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso.

A lista de aprobados/as establecerase por orde de puntuación, entre os/as que superen o proceso selectivo, totalizando o resultado da puntuación acadada na fase de oposición e na fase de concurso.

ANEXO II

Temario

BLOQUE I.- Parte xeral:

1. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Título preliminar; Título I; Título II; Título III; Título V.
2. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Títulos do I ao IX.
3. Estatutos da Universidade da Coruña.
4. Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais: artigos 2, 4, 14, 15 e 29.

BLOQUE II.- Parte específica

5. Equipos microinformáticos e os seus periféricos:
Equipos de microinformática: Componentes da súa arquitectura, elementos funcionais e subsistemas. Tipos. Conectividad. Montaxe. Mantemento. Clonación por imaxes. Utilidades de prestacións, recoñecemento e diagnóstico. Periféricos: adaptadores e interconexións.
6. Software de base:
Sistemas operativos vixentes de Microsoft, Linux e Mac: fundamentos, estrutura e funcións xerais; implantación e monitorización; xestión de procesos e automatización de tarefas; administración de sistemas de ficheiros.; máquinas virtuais.
7. Sistemas e servizos en rede:
Administración e xestión de acceso a dominios. Servizos de directorio. Servidores de impresión. Virtualización de escritorio. Despregue de imaxes en rede. Xestión centralizada de actualizacións. Integración de sistemas operativos en rede libres e propietarios.
8. Software de aplicación:
Aplicacións de bases de datos locais e ofimáticas vixentes; xestores e clientes de correo electrónico; ferramentas colaborativas para grupos de traballo. Sinatura electrónica e certificado dixital.
9. Seguridade informática:
Seguridade nos sistemas de información: física e lóxica; ameazas e vulnerabilidades. Análise e xestións de riscos.
Seguridade nos postos de traballo: programas de detección de software malicioso (antivirus, antispyware, tornalumes); ameazas por enxeñería social, phishing.



- Disponibilidade nos postos de traballo: almacenaxe redundante e remota.
Copias de seguridade e imaxes de apoio
10. Sistemas de cableado estruturado. Métodos físicos de transmisión (cable de pares, cable coaxial e fibra óptica). Tipos de cableado. Sistemas corporativos de cableado estruturado. Medidas reflectométricas. Repartidores de telefonía.
 11. O modelo TCP/IP e arquitectura de rede de Internet. Principais servizos e protocolos: navegación web, correo electrónico, telefonía IP, videoconferencia e SSL/TLS.
 12. Redes locais: Tipoloxía. Redes Ethernet. Redes sen fíos IEEE 802.11. Métodos de acceso e dispositivos de conexión.
 13. Xestión dos Servizos de Tecnoloxías da Información:
Biblioteca de mellores prácticas de ITIL. Ciclo de vida do Servizo: Estratexia do Servizo; Deseño do Servizo (catálogo de servizos) ; Transición do Servizo (xestión do cambio); Operación do Servizo (xestión de incidencias e solicitudes); Perfeccionamento Continuo do Servizo. A función do Service Desk. Ferramentas de ticketing.
 14. Lexislación relativa á protección de datos:
Esquema Nacional de Seguridade.
Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais: Títulos I, II, III e IX.

ANEXO III

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROBAS SELECTIVAS PARA PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

DATOS PERSOAIS

1. Primeiro apelido:		2. Segundo apelido:		3. Nome:	
4. Data de nacemento:	5. Localidade e provincia:		6. Nacionalidade:		7. DNI núm.:
8. Domicilio, rúa, número e andar:			9. Localidade, provincia:		10. Código postal:
11. Teléfonos:			12. Correo electrónico:		

CONVOCATORIA

13. Denominación das prazas convocadas:		14. Data publicación convocatoria:	
15. Idioma en que desexa realizar as probas: Galego <input type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/>			

TITULO ACADÉMICO OFICIAL

16. Exixido na convocatoria: <input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> Titulación académica requerida

A persoa que asina a continuación solicita ser admitida para as probas selectivas a que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións exixidas para o ingreso na Función Pública e as especialmente sinaladas na convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran na solicitude.

_____, _____ de _____ de 20____

(Sinatura)

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA